

MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ ENSEÑOUME A COÑECER E A QUERER A PARADELA

Celebrado xa o sexto Certame de Narrativa e Poesía "MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ" e ó sair á rúa a publicación das obras premiadas, premitídeme que brevemente faga unha reseña do noso Mestre e Fillo Predilecto de Paradela.

Foi Manuel Rodríguez López un home sinxelo, traballador infatigable, cun espírito forte e valente. Pero tamén foi comprometido, comprometido coas súas raíces, coas súas xentes, coa súa patria Galega, coa súa terra de Paradela.

Se lle damos unha ollada á súa nenez, comprobaredes o que vos estou a dicir: pensade nun neno que, con seis anos, traspasa a fronteira da súa Aldea, do seu lar, para asentarse lonxe dos seus parentes, amigos/as, veciños/as..., aínda que se reencontra coa súa nai que un ano antes emigrara a Cataluña. O máis normal sería que se esquecesse das súas raíces, da súa orixe; pero non so non foi así, senón que foi todo o contrario. Manolo, desde a infancia, agárrase como se fose unha hedra, ubícase no eido do Amor á súa patria, ás súas xentes, e como vehículo dese amor aséntase na comunicación escrita (poesía, narrativa, prensa...), sen esquecer que tamén foi un gran conversador. A súa conversa era esclarecedora, ilustrativa, orientada e chea de profundidade.

Era unha ledicia escoitar dos seus beizos os nomes de lugares de Paradela: Millerados, Rosende, Loio, Sesmonde, e por suposto Randulfe, tiñan un sonido reverencial, confirmando así o seu amor a Paradela, como deixou escrito “Patria dos meus antergos, Paradela”. Eu téñovos que contar que Manolo me ensinou a coñecer Paradela, e a querela.

Tiña Manuel Rodríguez López a ilusión de traballar en exclusiva pola cultura galega, ilusión cumprida como acredita a celebración deste Certame Literario anual. Pero con este Certame cumprimos tamén outro desexo do noso MESTRE. Deixou escrito a través dun traballo que titulou “Quen me dera atoparme co trasgo” o seguinte: *“Debemos aprender das nosas xentes, estudar os seus costumes, recoller os seus ditos ateigados de sabencia, escolmar as verbas sulagadas nos anacos máis extremos das nosas bisbarras e devolver ó pobo as súas propias creacións pulimentadas e adornadas pola man do artista para que poida ollarse nelas e sentirse orgulloso de ter unha idiosincrasia propia”*.

Ó cumprimento desta ilusión contribúe tamén en gran medida o traballo dos poetas e

narradores que ano tras ano concurren ó Certame Literario de Paradela. Por iso, a nosa felicitación máis sincera ós gañadores nesta edición, D. Manuel Terrín Benavides e D. Baldomero Iglesias Dobarro no apartado de Poesía, e D. Franciso Calo Lourido e D. Pedro Uris Escolano no apartado de Narrativa, á vez que nos alegra que, baixo a ilusión cumprida do Poeta de Paradela, salgan á luz estas obras que se espallarán polo universo da literatura a través da comunicación escrita, engrandecendo dun xeito especial este noso certame. Agradecemento que quixera facer extensivo a tódolos participantes nesta edición pola súa concurrencia -máis dun cento de obras-, e pola calidade dos seus traballos -o que é fácil de comprobar tendo en conta os *curricula* dos premiados nesta edición-.

Xosé Manuel Mato Díaz